**ANEXO XIII**
**MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 15003224 | Fernando Blanco | Cee | 2023/2024 |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|---|---|---|---|---|---|
| ADG | Administración e xestión | CMADG01 | Xestión administrativa | Ciclos formativos de grao medio | Réxime xeral-ordinario |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|---|
| MP0441 | Técnica contable | 2023/2024 | 5 | 133 | 159 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

| | |
|---|---|
| **Profesorado asignado ao módulo** | MARÍA YOLANDA TRILLO TOBA |
| **Outro profesorado** | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de apoio na área contabe da empresa e inclúe aspectos como:
especificación dos elementos patrimoniais, caracterización da metodoloxía contable, codificación dos elementos patrimoniais segundo o PXC, rexistro de feitos económicos básicos e uso de aplicacións específicas.
As competencias profesionais asociadas ao módulo son:
-Tramitar documentos e comunicacións internas ou externas no ámbito da empresa.
-Clasificar, arquivar ou rexistrar comunicacións e documentos segundo as técnicas e parámetros utilizados na empresa.
-Rexistrar contablemente a documentación soporte da actividade económica da empresa.
-Participar no traballo en equipo respetando a xerarquía definida na organización.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|---|---|---|---|---|
| 1 | O concepto económico de empresa. O estudio do patrimonio. | Introdución á contabilidade e a necesidade desta na empresa. Clases de empresas; as masas patrimoniais; o inventario e o balance de situación. | 10 | 5 |
| 2 | A contabilidade. As contas. O sistema de partida dobre. | Elementos e instrumentos básicos cos que traballar en contabilidade. A metodolxía contable; as contas; os feitos contables | 15 | 10 |
| 3 | Os libros contables. O Ciclo contable. | Os libros oficiais nos que se recolle a información contable da empresa. Idea do proceso xeral das distintas tarefas a facer ó longo do ano. Apertura da contabilidade; tarefas e libros contables a utilizar nos distintos momentos e operacións preparatorias para o peche do exercicio. | 15 | 10 |
| 4 | O Plan Xeral de Contabilidade PEME | Coñecer o PXC PEMES xa que é importante por ser a norma legal que regula todo o proceso e é de aplicación obrigatoria. As normas de valoración, o cuadro de contas, definicións e relacións contables, principios contables e as contas anuais. | 15 | 5 |
| 5 | O sistema de rexistro contable da empresa e o rexistro das operacións iniciais. | O rexistro contable das operacións iniciais. Organización dun sistema básico de rexistro contable. Os documentos soporte para o rexistro contable. | 16 | 10 |
| 6 | O rexistro contable das existencias e as operacións de compras de mercadorías. | Tratamento contable das existencias no PXC. Tratamento contable das compras de mercadorías no PXC | 12 | 15 |
| 7 | O rexistro contable das operacións de comercialización e venda. | Tratamento contable das vendas no PXC. | 12 | 15 |
| 8 | O rexistro contable doutras operacións da xestión empresarial. | Rexistro de outras operacións como os gastos de persoal, operacións de tesoureria. Rexistro contable de outros gastos e ingresos. | 15 | 15 |
| 9 | A amortización do inmobilizado e as operacións de fin de exercicio. | O concepto de amortización. Os distintos métodos para o seu cálculo. O rexistro contable das amortizacións. Outras operacións de regularización como a periodoficación. As liquidacións de IVE. | 25 | 10 |
| 10 | Operacións de contabilización mediante aplicacións informáticas específicas. | Instalación dun programa informático. Dar de alta no programa unha empresa e traballar os aspectos contables estudiados ó longo do curso neste soporte informático. | 24 | 5 |

## 4. Por cada unidade didáctica

### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | O concepto económico de empresa. O estudio do patrimonio. | 10 |

### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Recoñece os elementos que integran o patrimonio dunha organización económica, e clasifícaos en masas patrimoniais. | SI |

### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.1 Identificáronse as fases do ciclo económico da actividade empresarial. |
| CA1.2 Diferenciáronse os conceptos de investimento e financiamento, investimento e gasto, gasto e pagamento, e ingreso e cobramento. |
| CA1.3 Distinguíronse os tipos de empresas baseándose nos criterios de clasificación habituais. |
| CA1.4 Definíronse os conceptos de patrimonio, elemento patrimonial e masa patrimonial. |
| CA1.5 Identificáronse as masas patrimoniais que integran o activo, o pasivo exixible e o patrimonio neto. |
| CA1.6 Relacionouse cada masa patrimonial coas fases do ciclo económico da actividade empresarial. |
| CA1.7 Ordenouse en masas patrimoniais un conxunto de elementos patrimoniais. |
| CA1.7.1 Ordenouse en masas patrimoniais un conxunto de elementos patrimoniais sen respetar unha estructuta determinada. |
| CA1.7.2 Ordenouse en masas patrimoniais un conxunto de elementos patrimoniais atendendo a estructura dun Balance de situación. |
| CA1.8 Distinguíronse as normas básicas de referencia empresarial. |

## 4.1.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Actividade empresarial: Actividade económica. Empresa: concepto e tipos. Ciclo económico da empresa |
| Lexislación básica no ámbito mercantil. |
| Lexislación básica no ámbito contable. |
| Diferencias entre gastos e pagamentos e entre ingresos e cobramentos. (CA 1.2) |
| Diferencias entre investimento e financiamento na actividade empresarial. (CA 1.2) |
| Patrimonio empresarial e contabilidade: Elementos patrimoniais. Masas patrimoniais. |
| Activo, pasivo e patrimonio neto dunha empresa. |
| Equilibrio patrimonial. |
| Equilibrio patrimonial e ecuación fundamental do patrimonio. |
| Equilibrio patrimonial reflectido nun Balance de situación e nun inventario. |

## 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | A contabilidade. As contas. O sistema de partida dobre. | 15 |

## 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA2 - Recoñece a metodoloxía contable tendo en conta a terminoloxía e os instrumentos contables utilizados na empresa. | NO |

## 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.2 Describiuse o concepto de conta como instrumento para representar os elementos patrimoniais e os feitos económicos da empresa, e identificouse a súa estrutura. |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.3 Describíronse as características máis importantes do método de contabilización por partida dobre. |
| CA2.4 Recoñecéronse os criterios de cargo e aboamento como método de rexistro das modificacións do valor dos elementos patrimoniais. |

## 4.2.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Operacións mercantís desde a perspectiva contable. |
| Operacións mercantís desde a perspectiva contable aplicando a partida dobre. |
| Teoría das contas: concepto, estrutura e tipos de contas. |
| Método por partida dobre. |

## 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Os libros contables. O Ciclo contable. | 15 |

## 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA2 - Recoñece a metodoloxía contable tendo en conta a terminoloxía e os instrumentos contables utilizados na empresa. | NO |

## 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.1 Distinguíronse as fases do ciclo contable completo e adaptáronse á lexislación española. |
| CA2.5 Recoñeceuse a importancia do balance de comprobación como instrumento básico para a identificación de erros e omisións nas anotacións das contas. |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA2.6 Diferenciáronse as contas de ingresos e de gastos. |
| CA2.7 Definiuse o concepto de resultado contable. |
| CA2.8 Describíronse as funcións dos asentamentos de pechamento e apertura. |
| CA2.9 Estableceuse a función do balance de situación, das contas de perdas e ganancias, e da memoria. |

## 4.3.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Operacións mercantís desde a perspectiva contable.<br>Operacións mercantís desde a perspectiva contable e a súa plasmación nos libros contables.<br>Libros contables.<br>Desenvolvemento do ciclo contable. |

## 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | O Plan Xeral de Contabilidade PEME | 15 |

## 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA3 - Identifica o contido básico do plan xeral de contabilidade de pequenas e medianas empresas (PXC-PEME) e interpreta a súa estrutura. | SI |

## 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA3.1 Relacionouse a normativa mercantil co plan xeral de contabilidade (PXC). |
| CA3.2 Recoñeceuse o PXC como instrumento de harmonización contable. |
| CA3.3 Identificáronse as partes do PXC-PEME. |
| CA3.4 Diferenciáronse as partes obrigatorias e non obrigatorias do PXC-PEME. |
| CA3.5 Identificáronse os principios contables establecidos no marco conceptual do plan. |
| CA3.6 Describiuse o sistema de codificación establecido no PXC-PEME e a súa función na asociación e na desagregación da información contable. |
| CA3.7 Codificouse un conxunto de elementos patrimoniais de acordo cos criterios do PXC-PEME. |
| CA3.8 Identificáronse as contas anuais que establece o PXC-PEME. |
| CA3.9 Identificáronse as contas que corresponden aos elementos patrimoniais. |

## 4.4.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Normalización contable: o plan xeral de contabilidade.<br><br>Marco conceptual do PXC: principios contables.<br><br>Normas de rexistro e valoración.<br><br>Contas anuais.<br><br>Cadro de contas.<br><br>Definicións e relacións contables. |

## 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 5 | O sistema de rexistro contable da empresa e o rexistro das operacións iniciais. | 16 |

## 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA4 - Clasifica contablemente feitos económicos básicos, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do PXC-PEME. | NO |

## 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.1 Identificáronse as contas patrimoniais e de xestión que interveñen nas operacións básicas das empresas. |
| CA4.1.1 Identificáronse as contas patrimoniais e de xestión que interveñen nas operacións iniciais. |
| CA4.2 Codificáronse as contas consonte o PXC-PEME. |
| CA4.2.1 Codificáronse as contas consonte o PXC-PEME nas operacións iniciais. |
| CA4.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC-PEME. |
| CA4.3.1 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan nas operacións iniciais. |
| CA4.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables. |
| CA4.4.1 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables no rexistro das operacións iniciais. |
| CA4.5 Realizáronse as operacións contables correspondentes a un exercicio económico básico. |
| CA4.5.1 Realizáronse as operacións contables correspondentes a un exercicio inicial básico. |
| CA4.6 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información. |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.6.1 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade nas operacións iniciais. |

## 4.5.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Actividade empresarial: Actividade económica. Empresa: concepto e tipos. Ciclo económico da empresa |
| Lexislación básica no ámbito mercantil. |
| Lexislación básica no ámbito contable. |
| Patrimonio empresarial e contabilidade: Elementos patrimoniais. Masas patrimoniais. |
| Equilibrio patrimonial. |
| Equilibrio patrimonial e ecuación fundamental do patrimonio. |
| Equilibrio patrimonial reflectido nun Balance de situación e nun inventario. |
| Operacións mercantís desde a perspectiva contable. |
| Operacións mercantís desde a perspectiva contable aplicando a partida dobre. |
| Operacións mercantís desde a perspectiva contable e a súa plasmación nos libros contables. |
| Desenvolvemento do ciclo contable. |

## 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 6 | O rexistro contable das existencias e as operacións de compras de mercadorías. | 12 |

## 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA4 - Clasifica contablemente feitos económicos básicos, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do PXC-PEME. | NO |

## 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.1 Identificáronse as contas patrimoniais e de xestión que interveñen nas operacións básicas das empresas. |
| CA4.1.2 Identificáronse as contas patrimoniais e de xestión que interveñen nas operacións de existencias e nas de compras. |
| CA4.2 Codificáronse as contas consonte o PXC-PEME. |
| CA4.2.2 Codificáronse as contas consonte o PXC-PEME nas existencias e nas operacións de compras. |
| CA4.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC-PEME. |
| CA4.3.2 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan nas existencias e nas operacións de compras. |
| CA4.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables. |
| CA4.4.2 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables no rexistro das existencias e das compras. |
| CA4.5 Realizáronse as operacións contables correspondentes a un exercicio económico básico. |
| CA4.5.2 Realizáronse as operacións contables correspondentes engadindo operacións con existencias e compras. |
| CA4.6 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información. |
| CA4.6.2 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade nas operacións de existencias e de compras. |

## 4.6.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Compra e venda de mercadorías. |
| Compras de mercadorias. |
| Existencias de mercadorías. |
| Outros gastos e ingresos. |
| Outros gastos. |

## 4.7.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 7 | O rexistro contable das operacións de comercialización e venda. | 12 |

## 4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA4 - Clasifica contablemente feitos económicos básicos, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do PXC-PEME. | NO |

## 4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.1 Identificáronse as contas patrimoniais e de xestión que interveñen nas operacións básicas das empresas. |
| CA4.1.3 Identificáronse as contas patrimoniais e de xestión que interveñen nas operacións de vendas. |
| CA4.2 Codificáronse as contas consonte o PXC-PEME. |
| CA4.2.3 Codificáronse as contas consonte o PXC-PEME nas operacións e  na comercialización das vendas. |
| CA4.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC-PEME. |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.3.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan nas operacións e comercialización das vendas. |
| CA4.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables. |
| CA4.4.3 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables no rexistro das operacións de comercialización e vendas. |
| CA4.5 Realizáronse as operacións contables correspondentes a un exercicio económico básico. |
| CA4.5.3 Realizáronse as operacións contables correspondentes engadindo operacións relativas ás vendas. |
| CA4.6 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información. |
| CA4.6.3 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade nas operacións de comercialización e vendas. |

## 4.7.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Compra e venda de mercadorías.<br>Vendas de mercadorías.<br>Outros gastos e ingresos.<br>Outros ingresos. |

## 4.8.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 8 | O rexistro contable doutras operacións da xestión empresarial. | 15 |

## 4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA4 - Clasifica contablemente feitos económicos básicos, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do PXC-PEME. | NO |

### 4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.1 Identificáronse as contas patrimoniais e de xestión que interveñen nas operacións básicas das empresas. |
| CA4.1.4 Identificáronse as contas patrimoniais e de xestión que interveñen en outras operacións de xestión empresarial. |
| CA4.2 Codificáronse as contas consonte o PXC-PEME. |
| CA4.2.4 Codificáronse as contas consonte o PXC-PEME en outras operacións de xestión empresarial. |
| CA4.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC-PEME. |
| CA4.3.4 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan noutras operacións de xestión empresarial. |
| CA4.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables. |
| CA4.4.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables no rexistro doutras operacións da xestión empresarial. |
| CA4.5 Realizáronse as operacións contables correspondentes a un exercicio económico básico. |
| CA4.5.4 Realizáronse as operacións contables correspondentes engadindo outras operacións de xestión empresarial. |
| CA4.6 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información. |
| CA4.6.4 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade noutras operacións de xestión empresarial. |

### 4.8.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Outros gastos e ingresos.<br><br>Outras operacións de xestión empresarial. |

## 4.9.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 9 | A amortización do inmobilizado e as operacións de fin de exercicio. | 25 |

## 4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA4 - Clasifica contablemente feitos económicos básicos, aplicando a metodoloxía contable e os criterios do PXC-PEME. | NO |

## 4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA4.2 Codificáronse as contas consonte o PXC-PEME. |
| CA4.2.5 Codificáronse as contas consonte o PXC-PEME nas operacións de inmobilizado e fin do exercicio. |
| CA4.3 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan, segundo o PXC-PEME. |
| CA4.3.5 Determináronse as contas que se cargan e as que se aboan nas amortizacións e nas operacións de fin do exercicio. |
| CA4.4 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables. |
| CA4.4.5 Efectuáronse os asentamentos correspondentes aos feitos contables no rexistro das amortizacións e operacións de fin do exercicio. |
| CA4.5 Realizáronse as operacións contables correspondentes a un exercicio económico básico. |
| CA4.5.5 Realizáronse as operacións contables correspondentes engadindo operacións relativas ás amortizacións e de fin do exercicio. |
| CA4.6 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade, seguridade e confidencialidade da información. |
| CA4.6.5 Efectuouse o procedemento de acordo cos principios de responsabilidade nas operacións de amortizacións e de fin do exercicio. |

## 4.9.e) Contidos

| Contidos |
| --- |
| Inmobilizado material: amortización e baixa contable.<br><br>Fontes de financiamento.<br><br>Operacións de fin de exercicio. Pechamento contable. |

## 4.10.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
| --- | --- | --- |
| 10 | Operacións de contabilización mediante aplicacións informáticas específicas. | 24 |

## 4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
| --- | --- |
| RA5 - Realiza operacións de contabilización mediante aplicacións informáticas específicas, e valora a súa eficiencia na xestión do plan de contas. | SI |

## 4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
| --- |
| CA5.1 Realizáronse as altas e as baixas de contas e subcontas codificadas que procedan da documentación soporte, seguindo os procedementos establecidos. |
| CA5.2 Propuxéronse altas e baixas de códigos e conceptos en asentamentos predefinidos, seguindo os procedementos establecidos. |
| CA5.3 Introducíronse conceptos codificados na aplicación informática seguindo os procedementos establecidos. |
| CA5.4 Executáronse as baixas dos conceptos codificados coa autorización correspondente. |
| CA5.5 Introducíronse os asentamentos predefinidos na aplicación informática seguindo os procedementos establecidos. |
| CA5.6 Introduciuse no asentamento a información correspondente a cada campo, de acordo coa natureza económica da operación. |

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA5.7 Arranxáronse os imprevistos que poidan xurdir durante o uso da aplicación, recorrendo á axuda do programa, á axuda en liña ou ao servizo de atención á clientela da empresa creadora do software. |
| CA5.8 Realizouse copia de seguridade das contas, dos saldos e dos seus movementos respectivos, así como da colección de apuntamentos predefinidos. |
| CA5.9 Seguiuse o plan de acción para a custodia no lugar e no soporte axeitados, así como a xestión administrativa da copia de seguridade, nun tempo axeitado e cos métodos apropiados. |

### 4.10.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Xestión das partidas contables nunha aplicación informática.<br>Operacións de mantemento básico de aplicacións<br>Asentamentos predefinidos. |

## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os contidos mínimos exixibles para acadar positivamente a avaliación son os que figuran en cada unha das unidades didácticas que figuran na programación.

A nota de cada avaliación obterase a través de:

a) En cada avaliación trimestral o-a alumno-a realizará unha proba obxectiva ou varias, de carácter teórico e práctico ou práctico, que suporá un 80% da nota. A nota desta parte será o resultado de calcular a media aritmética das cualificacións obtidas nas probas obxectivas.

b) As actividades, tarefas e traballos suporán un 20% da nota. A nota desta parte será o resultado de calcular a media aritmética das cualificacións obtidas nas tarefas, tendo en conta que a entrega fóra do prazo establecido polo docente ou a non entrega, sen a debida xustificación, suporá una nota de cero puntos. A sospeita fundada de copia implica a consideración de non entregado e terá o mesmo tratamento que o exposto anteriormente.
En todo caso se nalgún dos trimestres non se realizasen traballos escritos este 20% pasaríase a avaliar co instrumento de avaliación contemplado no apartado a).

A valoración que acade cada alumno/a obterase coa media ponderada das notas obtidas en cada un dos dous apartados a) e b).

O sistema de cualificación será numérico entre 1 e 10, expresado con números enteiros. A nota redondearase á alza se o decimal é superior a 5 e á baixa se é igual ou inferior a 5 para o seu rexistro no XADE (agás cando a nota estea entre 4,01 e 4,99 que dará unha nota de 4).
A avaliación estará superada se a nota é 5 ou superior.

CUALIFICACIÓN FINAL DO CURSO:

Obterase aplicando as seguintes porcentaxes:

1ª. Avaliación: 20%.
2ª. Avaliación: 30%.
3ª. Avaliación: 50%.

Farase unha recuperación para o-a alumno-a que non acade como mínimo un 5.

PARA SUPERAR O MÓDULO:

1º. O alumno terá que acadar unha nota final igual ou superior a 5 para aprobar o módulo. No caso de que a aplicación das porcentaxes anteriores (20%, 30% e 50%) supoña obter unha nota inferior a 5, pero a nota da 3ª avaliación sexa de 5 ou mais, redondearase a nota final a 5. Para calcular esta cualificación non se utilizarán as notas redondeadas que figurarán no boletín de notas, senón as medias numéricas (até dous decimais) de cada unha das avaliacións. A nota final redondearase á alza se o decimal é superior a 5 e á baixa se é igual ou inferior a 5 para o seu rexistro no XADE (agás cando a nota estea entre 4,01 e 4,99 que dará unha nota de 4)

A avaliación é contínua, xa que o proceso contable debe abordarse de forma progresiva e acumulativa, polo que en cada proba que se realice iranse incluindo os contidos vistos ata ese momento. Polo tanto, na última avaliación teranse en conta todos os contidos traballados no curso.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para o alumnado que non superase o módulo, o-a profesor-a propondrá actividades de reforzo, repaso e profundización segundo as necesidades de cada un-unha. Procurarase traballar algunhas actividades e contidos de xeito individual.

Para superar o módulo o-a alumno-a deberá obter unha nota de 5 ou superior na proba extraordinaria do módulo completo que terá lugar no mes de xuño e consistirá nun exame teórico-practico no que o alumnado deberá demostrar que acadou os mínimos exixibles do módulo.

Avaliación de alumnado pendentes (alumnos de ciclos formativos matriculados en 2º curso e que promocionaron co módulo pendente de 1º de Técnica Contable). Os alumnos de 2º curso que teñan pendente o módulo serán avaliados coincidindo coa 2ª sesión de avaliación parcial de módulos de 2º a celebrar no mes de marzo/abril. Esta proba considerarase superada cando o-a alumno-a obteña unha puntuación igual ou superior a 5. En caso de non acadar unha avaliación positiva os alumnos poderán recuperar os módulos pendentes durante o período ordinario de realización da FCT (marzo-xuño) e serán avaliados na avaliación final de módulos de 2º curso no mes de xuño. Esta proba considerarase superada cando o alumno obteña unha puntuación igual ou superior a 5.

Para facilitar a recuperación a profesora propoñerá a realización de exercicios teórico-prácticos, fará un seguimento dos mesmos comprobando o seu grao de cumprimento, resolverá dúbidas, etc.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdese o dereito á avaliación continua terá dereito a realizar unha única proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente, de acordo co establecido no artigo 25.5 da Orde do 12 de xullo de 2011.

Esta proba será valorada sobre 10 puntos debendo o-a alumno-a acadar unha puntuación de 5 ou máis para aprobar.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O procedemento para o seguimento da programación é a revisión da mesma unha vez ó mes, e así constará na reunión do departamento correspondente. As características de cada alumno en concreto, tamén son determinantes para revisar a docencia. Polo tanto é un proceso continuo a medida que se coñecen as necesidades do alumno/a ou do grupo.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial terá lugar cunha proba ó inicio do curso que permita valorar os coñecementos da materia e do ciclo, e o seu ámbito profesional en xeral.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Tomaranse as medidas de reforzo que se consideren necesarias para promover a avaliación positiva do alumnado. Estas consistirán en atención específica para aqueles alumnos-as que o precisen tanto nos conceptos teóricos como nos prácticos. Esta atención especial prestarase no horario normal de clase, cando o resto de compañeiros/as estén realizando outras tarefas propias da materia, por exemplo exercicios, e permitan polo tanto unha atención diferenciada para outro/a alumno/a.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores centrarase na implicación á hora de traballar a transparencia dos procesos contables. Polas características do módulo, tamén é importante a solidaridade e o traballo en equipo, promovendo a participación do alumnado mellor preparado como apoio dos que presenten máis dificultades.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Realizaranse as actividades complementarias e extraescolares que se acorden no departamento.

## 10.Outros apartados

### 10.1) OUTROS

A profesora entregará material a través da aula virtual e empregarase como apoio o libro de texto Técnica Contable (Mc Graw Hill).